



Ornela Fernández Salgado, voceira do Grupo Municipal do BNG de Vilaboa, presenta a seguinte moción para o seu debate e aprobación, se procede, no Pleno do 25/11/09:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Semanas atrás foi remitido ao Concello o informe preceptivo da Dirección Xeral de Costas, do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño, no que non se acepta a redución da afección da Lei de Costas en barrios como Pousada, Curra, Ubeiras, Muíño, Riomaior, Barciela e Paredes.

Segundo a disposición transitoria terceira da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas, *“os terreos clasificados como solo urbano á entrada en vigor da presente Lei estarán suxeitos ás servidumes establecidas nela, coa salvedade de que a anchura da servidume de protección será de 20 metros...”*

Vilaboa conta cun planeamento vixente aprobado en xaneiro de 1988, aprobado con anterioridade a Lei de Costas do Estado, no que as zonas nas que se atopan estas vivendas están en núcleo rural. O problema da lei estatal de Costas é que non é capaz de recoñecer e asimilar o asentamento poboacional sobre o territorio de Galicia que se viu realizando nos últimos séculos, e por tanto en Vilaboa. O que Costas considera núcleo urbano, e por tanto si edificable, ven a corresponder coa nosa tipoloxía de núcleo rural, non recoñecida pola lei estatal.

Por iso solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro. O Concello de Vilaboa solicita a equiparación do solo non urbanizable en núcleo rural existente tradicional, posteriormente solo de núcleo rural, ao solo urbano aos efectos da redución da liña de protección de Costas recollida na transitoria 3.3.

Segundo. Remitir este acordo aos grupos parlamentarios no Parlamento de Galicia, aos grupos parlamentarios no Congreso dos Deputados e a todos os concellos costeiros de Galicia.

Vilaboa, 24 de novembro de 2009.

Ornela Fernández Salgado

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VILABOA